



Pesca Sociedade na Ría de Pontevedra (I)

Por Xulio X. Pardellas de Blas

A comezos do Século XVI o Gremio de Mareantes de Pontevedra era un dos máis importantes de toda España, tanto pola súa actividade e número de membros, coma polos seus recursos económicos, derivados en lóxica da singular riqueza piscícola da ría e da xestión que levaban a cabo os mariñeiros.

Esta xestión, que non debe analizarse cos ollos actuais senón tentando de nos situar naquela época, está contida en gran parte nas denominadas Ordenanzas de Pesca, pero tamén nas Concordias, Avinças Provisións

(desgraciadamente hoxe non é así). En consecuencia, a aceptación social da necesidade de contar con normas que evitasen a sobrepesca e o posible esgotamento dos recursos do mar era absoluta, e arredor desa normativa xiraban igualmente gran número de comportamentos e hábitos sociais que en pouco ou nada tiñan que ver coa pesca, como eran por exemplo, as actividades agrícolas da beiramar, ou o réxime de transmisións patrimoniais onde eran as fillas as melloradas.

Con todo, eso non evitaba conflictos e preitos, moi pola contra, eran moeda común naquela época, unhas veces a causa de incumplimentos das normas, e outras veces orixinados polos numerosos privilexios existentes, que non facían más que expresar unha incipiente loita de clases e intereses entre os que tiñan moito e os que a penas contaban co imprescindible para sobrevivir.

Compre recordar, como paradigma, os importantes privilexios do Arrabal (o porto da Moureira en Pontevedra), fronte ós restantes portos da Ría, ou da pesca do Cerco fronte ás demais artes. Este carácter de cartas de privilexio que os mareantes do resto dos portos da Ría consideraban

lesivos contra os seus intereses, dado que o Cerco era monopolio exclusivo do Arrabal, foi causa de permanentes disputas e preitos que chegaban mesmo ata as máximas instancias administrativas do Estado, e probablemente tamén esa falta de solidariedade e unión entre tódolos portos e gremios de mareantes da Ría, acabou provocando a decadencia do Arrabal e en suma dos demás portos da Ría xa dende mediados do século XVIII.

PONTEVEDRA. La Moureira



e Sentencias, así como no conxunto de escritos que emanaron da interpretación das anteriores: atestados, dilixencias, alegacións, queixas, querelas e recursos, que constituen no seu conxunto un fresco extraordinario para coñecer, non só a actividade pesqueira, senón tamén as grandes liñas da actuación e máis do comportamento da época.

Podemos afirmar sen ningún xénero de dúbidas que a conservación dos recursos era unha preocupación fundamental de toda a sociedade costeira, coa lóxica elemental de quen é consciente de depender deles

Esta Revista é gratuíta, todas aquelas persoas que a queiran recibir, que se poñan en connosco. Só aboarán os gastos de envío.

Se algunha casa ou firma comercial quere contribuír á saída da seguinte Revista e con elo aporta-lo seu gran de area a favor da Cultura, que se poña en contacto connosco na dirección: A.C. PineirÓns. Conchases 39 - 2.^º Esq. / 36980 / O Grove - Pontevedra.